

## ROMANTICISMO:

- Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos.
- Figuras representativas da composición.




- Durante o s.XVIII os impulsos nacionalistas déixanse sentir como doutrina política. O nacionalismo parte da exaltación da personalidade nacional.
- Os movementos que buscaban unha identidade nacional déixanse sentir en literatura e arte á vez que se facían evidentes na política. Así ao comezo do s.XIX desenvolveuse un interese polas linguas periféricas.



- Considérase o Nacionalismo como unha corrente que nace no Romanticismo cunhas características como: a exaltación do individuo, a busca da orixinalidade e autenticidade. Na música materializouse de diversas formas, como na glorificación de Wagner. Atopamos un novo entusiasmo pola canción e bailes folklóricos.

- No terreo artístico o nacionalismo tradúcese en:

1. Toma de conciencia do artista
2. Carácter ideolóxico
3. Historicismo



# Raynor:

- O investigador Raynor arte de que a linguaxe “internacional”, desde o punto de vista técnico, rómpese ao comezo do s.XIX.
- Partindo do exemplo alemán, considera que a precocidade do Nacionalismo nesta zona ven dada pola situación política, que expresouse a través das artes. En Italia, por exemplo, a unidade non existía en ningún campo, salvo no musical.





- Verdi soupo expresar esa unidade italiana que levaría finalmente á unidade política. Porén estes non son os casos dos outros estados, en donde ao longo do s.XIX van buscando a súa propia individualidade, con certa idea de rexurdimento musical.
- A expresión máis clara do Nacionalismo musical será o folklorismo, aínda que nos seus comezos foi sempre un máis que cuestionable intento de achegamento á música das clases populares, dun xeito moi superficial e claramente burgués.



# Hungría:

- Nas nacións emerxentes o Nacionalismo tivo moita máis relevancia. Así pois, en Hungría vai atopando a súa identidade ao longo do s.XIX.
- Ata ese momento a orientación musical era fundamentalmente occidental (centroeuropea). Serán moi importantes as danzas folklóricas como os Verbunkos ou as Csárdás.



- A linguaxe húngara pasou a ser rápidamente imitada por moitos compositores occidentais, como farán Liszt (que aínda que era húngaro usará unha linguaxe totalmente occidentalizada) ou Brahms.

